



Máscara  
de Jesús  
Costa para  
'O lapis do  
carpinteiro'

## ADAPTACIÓN DE TEXTOS NARRATIVOS

### Manuel Rivas: 'O LAPIS DO CARPINTEIRO'

En xuño de 1999 decidimos emprender a complexa e arriscada tarefa de transformar o relato de Rivas en material escénico: ese *Lapis portador de almas e condutor de conciencias* seduciunos desde o primeiro momento. En agosto, Manuel, creador de mirada viva e pai desta fermosa criatura, permitiu xenerosamente que os xéneros se apertasen, dándonos, ademais, total liberdade para recrear a súa novela. En febreiro de 2000 estreouse. Aos nove meses a criatura abría os ollos no Teatro Principal de

Ourense en presenza, entre moitos outros, dos seus proxenitores.

Para ningún dos compoñentes do grupo foi este un traballo máis. Todo o proceso resultou fascinante. Puxémolo en pé con amor e por amor entre todos e cada un membros dun equipo comprometido. Esta homenaxe ás vítimas de calquera guerra conmoveu as nosas conciencias e as nosas entrañas. Pegadas cheas de emoción e contido vital; intres de ledicia e encanto poético mesturados con lembranzas





estranxeadoras. Situámonos fronte a fronte cunha realidade grave. Espir a memoria para encher o silencio, irmandade de sentimentos compartidos. A mirada transitando pola guerra arrepiante e por Vida fuxindo de Morte da man do Amor.

Manolo Rivas dixo despois de ver o espectáculo: *A historia, dicía unha canción de Sting, é unha cronoloxía do crime. Na novela O lapis do carpinteiro intentei contrapoñer a esa apisoadora o esforzo da vida por refacerse, o seu vulnerable pero invencible latexo baixo a escombreira da represión franquista, á que Paul Preston cita polo seu verdadeiro nome: O holocausto español. Esa maldita historia, como unha sombra non curada, chega en certa maneira aos nosos días. Non recoñecela, non vela, supón prolongar a peor das doenzas: A suspensión das*

*conciencias. No verán de 1999, nun encontro na Coruña, as de Sarabela comentaron o seu interese por levar O lapis do carpinteiro ao teatro. Eu souben, dende o primeiro intre, e á marxe do valor da novela, que o lapis ía parar ás mellores mans. Pero sería un troleiro se agora digo que xa entón imaxinara a obra en escena. Non puiden imaxinar nada. Parecíame un desafío propio da alquimia condensar ese longo relato en teatro. Dende logo requería máis valor que o que tiven que ter. Ao cabo, era devolver o texto a unha dimensión carnal da vida. Así que dixen: «Alá vós!». Agora, como espectador, síntome abraiado e interpelado pola los-tregante arquitectura humana que acadou Sarabela con este lapis, que é xa o seu. Deles é o mérito. Meus, a fonda emoción e o agradecer. ¡Que Vida veña cos zapatos de bailar!*



## Historia da noite do lapis

SANTIAGO.— As palabras, algunhas palabras, soaban coa forza dos disparos. Os disparos das pistolas marcaban a sintaxe da emoción. O garda civil Herbal ponlle a arma na boca a quen sobre o escenario chamaban o doutor Da Barca. Abaixo a súa viúva, a viúva do médico Francisco Comesaña, que sobre o escenario se chamou doutor Da Barca. Herbal dispara. Canda a viúva de Comesaña no patio de butacas está Isaac Díaz Pardo. E a quen sobre o escenario chaman Camilo Díaz Baliño é o pai de de Díaz Pardo; Camilo Díaz Baliño tamén na realidade. Quixo Herbal errar o disparo e Da Barca saíu airoso. Díaz Baliño tivo peor sorte. Pasou a engrosar a nómina dos tristemente paseados. Abaixo, entre o público, o seu fillo Isaac.

Todo era teatro e todo sucedeu na noite do mércores, en Ourense, no Principal. A compañía Sarabela estreaba *O lapis do carpinteiro* ante un patio de butacas ategado. A xente entrara no Principal coa solemnidade das citas históricas. Sarabela xogaba na casa, a compañía é de Ourense. Sarabela conseguira reunir na estrea a algúns dos que sufriron a barbarie que contaban desde as táboas: alí estaban Isaac Díaz Pardo e Choncha —a viúva de Comesaña—. Á estrea de Sarabela asistía tamén Manuel Rivas, autor do título que a compañía levaba ó estaribel.

A ese título débelle a compañía un éxito de distribución que xa lle chegara antes da estrea do mércores: xa teñen contratadas 40 representacións de *O lapis do carpinteiro*. E iso cando son pucos os espectáculos galegos —Centro Dramático Galego á parte— dos que se fan máis de 15 representacións.

### Público

Sarabela fixo do texto de Rivas un espectáculo pouco convencional no formal. Unha montaxe que recorre ás emocións con insistencia. E na que por veces fai do teatro —do lugar, do espacio no que ten lugar a función— un foro do pobo, co público como protagonista, tamén, do que se conta.

Tanta emoción non podía pasar sobre as butacas inopinadamente, así que houbo reaccións para todos os gustos. Sucedeu o mesmo que sucede no libro de Rivas. Un exemplo: na ficción da novela, e tamén na do escenario, un crego adoutrina os presos despois de que Franco, ese señor de bigote e de Ferrol, gañase a guerra. O crego pasa a consigna política ó catálogo das oracións: berra a palabra ¡España! E agarda a palabra ¡Unha! por resposta. Case ninguén contesta. Repite o crego a súa proclama agardando un ¡Grande! Para o tempo das contestacións. A resposta volve ser tímida. Exhorta por vez terceira: ¡España! E no teatro, entre o público, dende o fondo, durante a estrea, alguén gastou a mesma paixón que os actores que facían de reos: e dende atrás soou un ¡Libre! Por resposta.

Diante, nas primeiras filas, as autoridades. O presidente da Deputación de Ourense, Xosé Luís Baltar; o seu fillo, delegado provincial de Agricultura; o homónimo desde último en Cultura, Felipe Ferreiro; e o concelleiro do ramo en Ourense, Aurelio Gómez Villar. Paradoxos do destino: estaban sentados do lado dereito do patio de butacas. Á esquerda Rivas, Díaz Pardo, a viúva de Comesaña, e a directora de Sarabela, Ánxeles Cuña.

### O vaivén da emoción

Pero a madeixa da emoción tecíase dende o escenario. Ese Herbal interpretado por Fernando Dacosta convértese no auténtico protagonista do espectáculo. Tras un comezo dubitativo —cousas das estrebras— Dacosta enfrontase ó público cun monólogo no que perfila as características da personaxe que ha de defender durante o resto do espectáculo. E o silencio invade as butacas.

A emoción aparece máis tarde, volve desaparecer —quizais non sempre seguindo o ritmo que administraría o desexable— e o momento final queda resolto cunha precisión formal tan inesperada como atinada. Alí, nas primeiras filas, os verdadeiros protagonistas da historia asistían a ese derroche de sentementos. Alguén contou, cando todo acabara, que Díaz Pardo achegou as súas mans a Josito Porto cando o sentiu pasar preto interpretando ó pintor Camilo Díaz Baliño, ó seu pai. Contáballo o pintor nese momento a Herbal que o seu fillo medrara, que tamén era pintor, que pintaba maternidades.

Carme Vidal | *A Nosa Terra*, N° 924 | marzo de 2000


## A posta en cena de 'O lapis do carpinteiro' reúne aos protagonistas reais e literarios

Díaz Pardo, «A obra de Sarabela pasará á historia do teatro»

Camilo Díaz Baliño achégase ao escenario polo corredor do pátio de butacas. Dirixese a Herbal, o seu asasino. Dille que

non acabaron con el, que aí está o seu fillo pintando maternidades, esperanzas. Isaac Díaz Pardo, o fillo, reméxese no

asento. Cando pasa á sua beira intenta tocar ao actor Xosé A. Porto. A compañía ourensá Sarabela ven de levar a escea a novela *O lapis do carpinteiro* de Manuel Rivas. Conmemoran os seus vinte anos de traballo cunha obra que na estrea en Ourense conseguiu conmové-la a un público que día tras día abarrotou o Teatro Principal. Choncha Concheiro, viúva de Francisco Comesaña, e Isaac Díaz Pardo contan emocionados como



Escenografía de Jesús Costa para 'O lapis do carpinteiro'


viron pasar pola escea unha parte tan importante das súas vidas.

A directora de *O lapis do carpinteiro*, Ánxeles Cuña Bóveda, non se esforza en disimular a paixón coa que se enfrontou ao texto de Manolo Rivas. Con certeza, tampouco podería. Explica que seguiu a súa mesma premisa: «a peor doenza que pode sobrevivir é a da suspensión das conciencias». E comenza a relatar como os membros da compañía se mergullaron con entrega en todo o que aconteceu en 1936. Tomaron contacto con Chonchiña Concheiro e a súa conversa xenerosa serviulles para adentrarse máis aínda na historia. Coincidiron á hora de non tirar dramatismo a unha memoria tantas veces esquecida como atenuada. Afirmo que xogaron «con tres estilos, o esperpento, o realismo máxico e a veracidade das estampas da inxustiza».

A brutalidade da represión ocupa así algunhas das escenas de maior intensidade. Ánxeles Cuña repite que «non se pode esquecer» e a historia é tan recente que na estrea tivo entre os espectadores a algúns dos seus protagonistas.

Alí estaba Chonchiña Concheiro, que se viu reflexada na personaxe de Marisa Mallo, interpretada por Fina Calleja. Para Chonchiña foi «emocionante, é bo lembrar todo aquilo que pasou». En Fina Calleja atopou a súa mesma «maneira de falar e sorrir» e non puido deixar de recordar ao seu compañeiro Francisco Comesaña, o Doutor Daniel Da Barca da obra. Non é casual que vira aquel tempo da súa biografía pasar polo escenario porque Fina Calleja atopouse coas mesmas escenas que tempo adiante representaría. «Contar con ela, coa súa fortaleza e, ao mesmo tem-

po, a súa delicadeza foi unha marabilla. É a primeira vez que interpreto un papel tendo diante á personaxe real», comenta Fina Calleja. Ao rematar a estrea a actriz buscou con rapidez a Choncha Concheiro. Era a opinión que naquel momento máis necesitaba ouvir. «Estaba coma un flan. Achegouse e díxome que me parecía a ela, que falaba igual. Non me puido dicir cousa mellor», explica, coa ferverza de expresividade que, coma todos os membros da compañía, fala da obra. «Este espectáculo a min cambioume», conclúe. Cando rematou a función, Isaac Díaz Pardo buscou entre os actores a Xosé A. Porto, o que interpretara ao pintor Camilo Díaz Baliño. Apertouse a el e díxolle: «vin a meu pai». Tampoco Xosé A. Porto, *Josito*, poderá esquecer o momento. Levaba tempo achegándose ao pintor asasinado



Maqueta de Jesús Costa para a escenografía de 'O lapis do carpinteiro'

en 1936. Reparou nas suas fotos, no seu sorriso contínuo e na «tenrura que respira». Falando con el é fácil descubrir a empatía que xurdiu entre o actor e o personaxe. «Non coñecía a Camilo Díaz. Cando morreu Franco tiña oito anos e son dunha xeración á que a guerra chega de ouvido. Atopeime cunha persoa que me pareceu xenial, de grande bondade. Non fixen un herói del, tratei de que a própia personaxe me indicase», explica o actor. Despois dese primeiro pase, tamén Xosé A. Porto buscou a Chonchiña Concheiro. «Desde a miña torpeza pregunteille se lle gustara. Deume unha aperta e as grácias. Emocionado díxennlle que gracias tiñamos que llas dar a ela por sobrevivir e oxalá que non tivese que estar aí vendo a su própia historia», di Josito, que pensa que desde a escena se pode palpar «o suor, as bágoas ou a ledícia».

### A vida tórnase teatro

No tempo de preparación da obra, a directora Ánxeles Cuña Bóveda pasoulle

aos actores unhas fotocópias dunha parte dos *Diarios* de Syra Alonso (recén publicados na colección Murren, de A Nosa Terra), a muller de Francisco Miguel. A compañía introduciu unha escena do texto na obra, aquela na que os familiares fan cola no cárcere para visitar aos presos ante a crueldade dos carceleiros. «Sorprendeume a fortaleza daquela muller, a capacidade de tirar para adiante. É un documento que a xente nova tiña que coñecer», sinala Xosé A. Porto. Isaac Díaz Pardo asistiu emocionado á estrea da obra na que se representa o asasinato do seu pai. Dias despois continua a empregar o mesmo termo: «extraordinária». Quédase sen palabras para calificacala e, segundo di, «está chamada a pasar á historia do teatro», unha peza que cumpre «a máxima teatral de facer un espectáculo non só por pracer, senón para engaiolar e despertar as consciencias». Xosé A. Porto e Isaac Díaz Pardo atopáronse nun teatro que revivía a historia recente.

O actor Fernando Dacosta tivo que atoparse con Herbal, o paseador que mata ao pintor e faise co seu lapis. «A represión na Galiza esta moi acalada. O propio Rivas fala da dor pantasma, a dor da memoria. Era este un tema que nos rondaba e nos apremiaba. A compañía estaba subxugada tamén pola lembranza de Alexandre Bóveda, o avó da directora Ánxeles Cuña», afirma Dacosta. Para o actor, o teatro «é fantástico porque sempre é presente e iso fai que se mostre tamén con maior crueldade». A raíz da estrea, o actor apreciou que lles chegaba toda «unha memoria colectiva, de xente que comentaba o que lle acontecera, que contribúe a eliminar pantasma e a rematar co silencios». Comentan que o escritor Manolo Rivas comentou na fin da representación: «é unha xoia». Coinciden actores e personaxes reais que en *O lapis do carpinteiro* a vida tórnase teatro para non esquecer a historia.

